**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**O DÍA 28/04/2020**
**(Extracto en http//:sede.vilagarcia.gal - transparencia)**

**PRESIDENTE**
ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

**SECRETARIO/A**
MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:35 horas do día 28/04/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09-mar-2020, que se aprobou por unanimidade.

## RÉXIME INTERIOR

**PRP2020/1035**
Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Equipamento Obreiro SL para o subministro de roupa e material de protección no traballo para o persoal a contratar polo Plan Concellos 2020, por un importe total de 3.288,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 241.22104.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1037**
Vista a proposta do Servizo Municipal de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PAPERSTORE SL para o subministro de unha plastificadora de documentos para o citado Servizo, por un importe total de 120,64 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1038**
Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión de Comunidades SL, en representación de CP Baltar II, de Av. Rosalía de Castro nº 175 solicitando a instalación dunha marquesiña para o servizo de transporte urbano das inmediacións.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que a marquesiña solicitada xa está incluída no proxecto de instalación de marquesiñas en trámite.

**PRP2020/1040**
Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días 8, 9, 10, 11, 12 e 13 de outubro de 2020, para a celebración dun mercado benéfico, debendo asegurarse do cumprimento, tanto das normas sanitarias que poidan fixarse, como das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.
Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo e do cumprimento das medidas sanitarias.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio

**PRP2020/1045**
Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2020 no nomeamento de letrado para a representación e defensa dos intereses do Concello no procedemento ordinario 27/2020 seguido no Xulgado do Contencioso Administratrivo nº 2 de Pontevedra, interposto polo Concello de Vilanova de Arousa, contra a convocatoria da sesión extraordinaria de constitución da Mancomunidade do Salnés e contra os acordos adoptados na dita sesión de 16-12-2019, figurando no mesmo:
...)
Primeiro: que o Concello de Vilagarcía de Arousa se persone no Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº27/2020.
Segundo: que a representación e defensa dos intereses do Concello sexa exercida polos producadores:
D. Luis Valdes Albillo
Dona Ana Santacecilia Escudero
Dona Andrea Estévez Santoro
Dona María Dolores Neira López
Dona Alicia Lodos Pazos
D. Ignacio Prado de Vera López
Dona Maria Granizo Palomeque

**e polo letrado D. Alexander Domínguez Vidal, coa finalidade de que comparezan e se presenten en nome e representación do Concello nos procedementos citados.**
**Terceiro: O letrado D. Alexander Domínguez Vidal** emitirá ao Concello de Vilagarcía de Arousa, o orzamento de honorarios que correspondan polos traballos profesionais que realice.
E debendo figurar:
Primeiro: que o Concello de Vilagarcía de Arousa se persone no Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº27/2020.
Segundo: que a representación e defensa dos intereses do Concello sexa exercida polos producadores:
D. Luis Valdes Albillo
Dona Ana Santacecilia Escudero
Dona Andrea Estévez Santoro
Dona María Dolores Neira López
Dona Alicia Lodos Pazos
D. Ignacio Prado de Vera López
Dona Maria Granizo Palomeque
**e polo letrado D. José Ramón González Garriga, coa finalidade de que comparezan e se presenten en nome e representación do Concello nos procedementos citados.**
**Terceiro: O Letrado D. José Ramón González Garriga** emitirá ao Concello de Vilagarcía de Arousa, o orzamento de honorarios que correspondan polos traballos profesionais que realice.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2020/1047**
Dáse conta de escrito presentado por D. Teodoro Díaz Díz reiterando a solicitude de sinalización de prohibición de estacionamenoto na marxe contraria á entrada de vehículos situada en Rúa Lucena nº 9, e que xa foi acordada por Xunta de Goberno Local de data 3 de abril de 2017, sen que fose realizada.
A Xunta de Goberno Local acorda que se realice a sinalización citada de prohibición de estacionamento fronte á entrada de vehículos, con licenza municipal 824, situada en rúa Lucena nº 9.
Dar conta ao Servizo de Sinalización e Policía Local.

**PRP2020/1049**
A Xunta de Goberno Local acorda substituir a D. Jesús Mesejo Díaz por Dona Maria José Abelenda Rodríguez (DNI 35.382.312D) no contrato de aluguer da nave situada na Rúa Celso Emilio Ferreiro º 3, para a súa utilización como garaxe-aparcadoiro dos vehículos dedicados a actos festivos locais, por un contía anual de 600,00 € ( + IVE) e un período de un ano renovable automáticamente, a aplicar dende o 1 de xaneiro de 2020, realizando a Sra. Abelenda Rodríguez a facturación ao Concello do importe citado, de forma anual, realizandose o seu pagamento con cargo á partida 334.203.

**PRP2020/1074**
Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Güimil, solicitando que polo concello se fagan os traballos de repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado na Av. Doutor Tourón nº 12.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, neste caso á Comunidade de Propietarios, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.
Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

**PRP2020/1096**
Dáse conta da proposta do Departamento de Informática para ampliación da memoria principal dos servidores cisco blade do sistema de computación unificado (UCS) do Concello, no que indica:
No ano 2014 o Concello adxudicou a subministración instalación e mantemento dunha plataforma hardware para o C.P.D. e servizos de virtualización de escritorios e aplicacións, esta plataforma está formada, entre outros sistemas, por unha unidade central de procesamento UCS 5108 (Sistema de Computación Unificado) de Cisco, composto por tres servidores Blade coas seguintes características:

| Parte UCS | Modelo | Detalle |
|---|---|---|
| Servidor Blade Cisco | UCS B200 M3 | 128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C |
| Servidor Blade Cisco | UCS B200 M3 | 128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C |
| Servidor Blade Cisco | UCS B200 M3 | 128GB RAM 2x Xeon E5-2620v2 2.1GHz 6C |

A memoria principal de cada servidor Blade Cisco actualmente é de 128 GB totalmente insuficiente coa carga de traballo e as necesidades actuais do concello, polo tanto é necesaria ampliar esta memoria principal de cada servidor en 128 GB adicionais pasando así cada servidor a contar cunha memoria principal total de 256 GB.
Solicitouse presuposto a dúas empresas especialistas neste tipo de infraestrutura para os mesmos compoñentes e servizos de instalación e configuración:
A empresa OZONA CONSULTING S.L. presenta un presuposto de 10.372,85 € IVE incluído.
A empresa INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL presenta un presuposto de 10.981,29 € IVE incluído.
A Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación á empresa OZONA CONSULTING S.L. da ampliación da memoria principal dos tres servidores Cisco Blade B200 M3 da plataforma UCS en 128 GB cada servidor, mediante a adquisición, instalación e configuración de 24 módulos de 16 GB DDR3- 1866 MHz RDIMM/PC3-14900/dualRank/x4/1,5v, por un importe de 10.372,85 € IVE incluído.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1097**
Dáse conta de proposta do Departamento de Informática, na que se indica:
Na oficina técnica do concello están en funcionamento tres licencias de Autocad LT do fabricante Autodesk (programa usado polos delineantes para a realización de planos). Este programa ten un soporte anual que inclúe a actualización das versións e os servizos de soporte e mantemento aos usuarios.
As licencias correspóndense cos seguintes n/s 2 lic. 398-41132079 e 1 lic. 398-42858184.
A empresa que presta o servizo é Coordinadora de Sistemas, S.L., especializada en servizos

técnicos. O servizo prestase dunha maneira rápida e eficiente.
Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Coordinadora de Sistemas, S.L. dun servizo de soporte e mantemento de tres licencias de AUTOCAD LT e o servizo Autodesk suscripcion anual AUTOCAD LT para o período do 29 de abril de 2020 ao 28 de abril de 2021 por un importe de 1.344,31 € incluído o IVE.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1098**
Dáse conta de proposta do Departamento de Informática no que se indica que mediante procedemento de licitación realizado en 2016 adxudicouse á empresa Ozona Consulting S.L., a instalación e configuración dun sistema de copias de seguridade formado polos seguintes dispositivos:

- Dous servidores físicos Dell PowerEdge R440 con s/n DCSS1h2 e DCVN1H2
- Dous sistemas autocargadores Dell PowerrVault TL1000 con n/s 3YL9822 e CXL19822
- Un servizo de réplica do equipo EMC DataDomain, coa finalidade de duplicadas as copias de seguridade.

A garantía dos equipos anteriores é de tres anos, finalizou o 28 de febreiro de 2020.
O funcionamento do sistema de copias de seguridade é crítico e fundamental para salvagardar os datos, aplicacións informáticas, servidores virtuais etc. do Concello. Unha vez rematado o mantemento do sistema debe ser prorrogado para garantir o seu funcionamento.
Propoño que o mantemento sexa adxudicado á empresa Ozona Consulting S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.
O importe do servizo de réplica do equipo EMC DataDomain a partir do terceiro de ano en funcionamento ven indicado na oferta económica presentada na licitación.
CARACTERÍSTICAS:
O equipos do sistema de copias de seguridade son os seguites:

| Dispositivo | Número de serie | Unidades |
|---|---|---|
| Servidor Dell PowerEdge R440 | DCSS1h2 | 1 |
| Servidor Dell PowerEdge R440 | DCVN1H2 | 1 |
| Equipos autocargador Dell PowerrVault TL1000 | 3YL9822 | 1 |
| Equipos autocargador Dell PowerrVault TL1000 | CXL19822 | 1 |
| Servizo de réplica do equipo EMC DataDomain | | 1 |

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA CONSULTING S.L. dun servizo de soporte e mantemento dos equipos do sistema de copias de seguridade (dous servidores físicos Dell PowerEdge R440 con s/n DCSS1h2 e DCVN1H2, dous dispositivos autocargadores PowerrVault TL1000 con n/s 3YL9822 e CXL19822 e un servizo de réplica do equipo EMC DataDomain ) para o ano 2020 por un importe de 7.411,25 € IVE incluído. Período de vixencia do mantemento 28-2-2020 a 1-03-2021.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1099**

Con motivo da declaración o dia 14 de marzo de 2020, do estado de alarma por parte do Goberno debido a pandemia do COVID-19, o Concello de Vilagarcía de Arousa considera necesario o reforzo da recollida de lixo nos supermercados para garantir a seguridade e hixiene dos/as usuarios/as.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
"A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector
público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.
O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta da Concellería de Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por CONTENUR SL para o subministro de 50 colectores de carga traseira, de 800 l., 4 rodas, as 2 traseiras con freo, cor estandar, sen bocas nin pechaduras, sen pedal, por un importe total de 5.790,00 € (ive engadido), con cargo á partida 1621.62300, a que deberá dotarse de crédito
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1100**
Con motivo da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tanto o servizo municipal de emerxencias como o servizo de protección civil, ademais das funcións que desenvolvían habitualmente, pasaron a desenvolver outras, tales como, montaxes de zonas de desinfección para o persoal sanitario, desinfección de vehículos policiais, comunicar por megafonía os avisos a poboación sobre a necesidade de permanecer na casa, colaborar cos servizos sociais municipais, etc
Neste momento faise preciso contar con mascarillas para entregar ao persoal municipal, asicomo a outras persoas e colectivos que as demanden por carecer delas.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
"A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector

público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.
O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta do Xefe do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por Mohair Pronto Moda SL para o subministro de 1000 mascarillas, por un importe total de 4.235,00 € (ive engadido), con cargo á partida 231.2269919.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1105**
O día 27 de abril de 2020 se reanuda o funcionamento presencial dos servizos administrativos municipais, tras un período en servizos mínimos que se inicioú o día 16 de marzo de 2020, tras a declaración do estado de alarma por Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
A volta ao traballo polo persoal municipal require que se conte con material de protección para evitar contaxios, considerando adecuada a instalación de mamparas de protección nas zonas de atención ao público.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector
público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.

O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o orzamento presentado por Construcciones Metálicas Cuevas SL (B36027597) para o subministro e colocación de mamparas protectoras para dependencias municipais, por un importe total de 7.846,85 € ( ive engadido), con cargo á partida 920.62300, a que deberá dotarse de crédito.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1109**
dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2020, de aprobación orzamento presentado por Dieguez SL para o aluguer por horas de camión guindastre e pá retro-excavadora con cazo durante o ano 2020, por un importe total de 6.957,50 € (IVE incluído), figurando no mesmo:
...) con cargo á partida 453.203.
E debendo figurar:
...) con cargo á partida 454.203.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2020/1111**
Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de "uniformidade de tres policías locais", por un importe total de 4.138,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## RECURSOS HUMANOS

**PRP2020/1092**
Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 16.200,00 € (8.100,00 €/mes), correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 29 de febreiro de 2020 e do 1 ao 31 de marzo de 2020, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:
FEBREIRO:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €.

MARZO:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €.

**PRP2020/1093**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 29 de febreiro de 2020, por un importe total de 6.800,00 € e con cargo á partida 912.233:

| CARGO ELECTO | Nº sesións Plenos e XGL | DIETAS PLENOS e XsGL | Nº sesións Comisions informativas | DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS | TOTAL EUROS |
|---|---|---|---|---|---|
| D. ARGIMIRO SERÉN MERA | 6 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **890,00** |
| Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ | 6 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **890,00** |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 5 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **760,00** |
| D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO | 6 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **890,00** |
| Dª MATILDE LAYA LORENZO | 6 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **890,00** |
| Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN | 2 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **370,00** |
| Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ | 2 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **370,00** |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | 2 | x 130,00 € | --- | x 110,00 € | **260,00** |
| D. MANUEL MÉNDEZ VARELA | 2 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **370,00** |
| Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO | 2 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **370,00** |
| D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **240,00** |
| Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ | 1 | x 130,00 € | --- | x 110,00 € | **130,00** |
| D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO | 2 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | **370,00** |
| | | **T O T A L** | | | **6.800,00** |

**PRP2020/1106**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de marzo de 2020, por un importe total de 3.700,00 € e con cargo á partida 912.233:

| CARGO ELECTO | Nº sesións Plenos e XGL | DIETAS PLENOS e XsGL | Nº sesións Comisions informativas | DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS | TOTAL EUROS |
|---|---|---|---|---|---|
| D. ARGIMIRO SERÉN MERA | 3 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 500,00 |
| Dª LUZ MARÍA ABALO PÉREZ | 3 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 500,00 |
| D. DIEGO GARCIA SANTIAGO | 1 | x 130,00 € | --- | x 110,00 € | 130,00 |
| D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO | 3 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 500,00 |
| Dª MATILDE LAYA LORENZO | 3 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 500,00 |
| Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. MANUEL MÉNDEZ VARELA | 1 | x 130,00 € | --- | x 110,00 € | 130,00 |
| Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO | 1 | x 130,00 € | 1 | x 110,00 € | 240,00 |
| T O T A L | | | | | 3.700,00 |

**BENESTAR SOCIAL**

**BENESTAR SOCIAL**

**PRP2020/1070**
Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentadopor Dona Montserrat Borrageiros Mariño para a pre4stación do Servizo de Podoloxía para as persoas beneficiarias e usuarias do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2020 (do 1 de maio ao 31 de decembro), por un importe total de 13.400,00 €, con cargo á partida 231.22799.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1101**
Con motivo da declaración o dia 14 de marzo de 2020 do Estado de Alarma, debido a crise sanitaria orixinada polo COVID-19, o Concello de Vilagarcía de Arousa decideú establecer nas instalacións de FEXDEGA, un albergue temporal de transeúntes, coa finalidade de que estas persoas sen fogar tivesen un lugar onde pasar o confinamento.
A creación deste albergue temporal para transeúntes instalado en Fexdega, está xenerando para o Concello una serie de gastos derivados da adecuación das instalacións, comidas para as 25 persoas que alí se atopan actualmene, asicomo a vixianza e seguridade das propias instalacións.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.
O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta da Concellería do Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o

orzamento presentado pola empresa INV Vigilancia SLL para a vixianza e seguridade do abergue temporal que se atopa nas instalacións de Fexdega, polo prezo de 16,50 €/hora (IVE excluído), con cargo á partida 231.2269919, dende o 24 de marzo de 2020 e ata o 30 de xuño de 2020, dando un importe estimado de 23.718,42 € (IVE incluído).
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/1102**
Con motivo da declaración o dia 14 de marzo de 2020, do estado de alarma por parte do Goberno debido a pandemia do COVID-19, o Concello de Vilagarcía de Arousa considerou necesario contar coa dispoñibilidade parcial do edificio situado na Praza da Constitución nº11, coñecido como “Iglesia de los Padres”.
Unha vez obtida a confirmación dos titulares do citado edificio,asinouse o convenio que se adxunta, no que se autoriza ao Concello o uso da 2ª planta do edificio (8 habitacións) para o aloxamento temporal de persoas ou familias en situación de risco social, durante o período de emerxencia sanitaria.
Como contraprestación o Concello asume o custe dos subministros de auga, luz etc, asicomo a reparación dos deterioros que se poidesen ocasionar nas instalación citadas.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector
público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.
O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio suscrito entre o Concello e a Congregación Misioneros Claretianos, para o uso da segunda planta do edificio situado na Praza da Constitución nº 11, durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**PRP2020/1103**
O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, limita a liberdade de circulación das

persoas.
Con tal motivo os Servizos Sociais Municipais en colaboración coas asociacións Arousa Moza e o Soño de Lilith ,acordaron que as persoas integrantes das citadas asociacións , realizaran as compras de alimentos e medicinas asicomo a súa posterior entrega, as persoas maiores dependentes que viven soas .
Nos últimos días tamén fan a entrega dos deberes escolares a 34 alumnos dos colexios da cidade.
MEDIDAS EXCEPCIONAIS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA
A disposición final segunda do Real Decreto Ley 9/2020, de 27 de marzo, polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados do COVID-19, establece o seguinte:
“A adopción de todo tipo de medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector público para facer frente ao COVID-19 xustificará a necesidade deactuar de maneira inmediata, sendo de aplicación o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dacordo coa previsión establecida no párrafo anterior, a todolos contratos que se celebren polas entidades do sector público para atender as necesidades derivadas da protección das persoas e outras medidas adoptadas polo Consello de Ministros para facer frente ao COVID-19, lles resultará de aplicación a tramitación de emerxencia.
Nestes casos, si fora necesario realizar abonos a conta por actuacións preparatorias a realizar polo contratista, non será de aplicación o disposto respecto as garantías na mencionada lei 9/2017, sendo o órgano de contratación o que determinará tal circunstancia en función da natureza da prestación a contratar e a posibilidade de satisfacer a necesidade por outras vías. Da xustificación da decisión adoptada deberá deixarse constancia no expediente.
O libramento de fondos necesarios para facer frente aos gastos que xenere a adopción de medidas para a protección da saúde das persoas frente ao COVID-19, podrá realizarse a xustificar.
Vista a proposta da Concellería dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a contratación da poliza de seguros que se adxunta, emitida pola Entidade Aseguradora Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros SA (Seguros Bilbao), polo importe de 169,18 €, con cargo á partida 231.2269919, coa finalidade de dar cobertura ante posibles incidencias, as persoas das devanditas asociacións, que realizan as labores citadas de un modo voluntario e altruista.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está disponible na web municipal.

**PRP2020/1124**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, debido ao incremento e reforzo do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria como programa básico dentro dos Servizos Sociais, e de acordo coas directrices estatais e as necesidades detectadas na intervención coa poboación maior que vive soa, e estimando un total de altas de 60 persoas /ano, susceptible de variar segundo necesidades, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente ao incremento e reforzo do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria que presta Cruz Vermella para o ano 2020, por un importe de 12.600 € (17,50 €/mes cada terminal), con cargo á partida 231.2269919.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

**PRP2020/1071**
Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 28 de febreiro de 2020 de concesión dunha subvención ao abeiro do Plan Concellos 2020, correspondente á liña 2 para gastos derivados da celebración do III Festival Internacional de Música Clasclas, por un importe de 30.654,58 €.
Dada a imposibilidade de realización do citado Festival con motivo da declaración do Estado de Alarma pola COVID19, e de conformidade co establecido no do Art. 54 do RDL 11/2020, que indica:
Artigo 54. Medidas en materia de subvencións e axudas públicas.
1. Nos procedementos de concesión de subvencións, as ordes e resolucións de convocatoria e concesión de subvencións e axudas públicas previstas no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, que xa fosen outorgadas no momento da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020 poderán ser modificadas para ampliar os prazos de execución da actividade subvencionada e, no seu caso, de xustificación e comprobación da devandita execución, aínda que non se contemplou nas correspondentes bases reguladores.
Para estes efectos, o órgano competente deberá xustificar unicamente a imposibilidade de realizar a actividade subvencionada durante a vixencia do estado de alarma así como a insuficiencia do prazo que reste tras a súa finalización para a realización da actividade subvencionada ou a súa xustificación ou comprobación.
Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda desistir da subvención concedida e solicitar unha nova subvención para outra finalidade.

**PRP2020/1072**
Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 28 de febreiro de 2020 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2020 correspondente á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes – 1ª relación, figurando no mesmo unha subvención ao Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 18.181,00 € para "gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música", sendo o orzamento total de 19.000,00 €.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2020/1073**
Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entonación) de 5 pianos (1 de cola e 4 pianos verticais) da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de D Tygran Poghosyan Gharibyan por importe total de 665,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 3262-22799.
Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

**MERCADOS**

**PRP2020/1132**
Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando a ampliación do horario continuado da actividade da Praza de Abastos e celebracion do mercadillo o sábado 15 de agosto e traslado do mercadillo do día 8 de decembro para o luns 7 de decembro.
Visto o informe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.
Dar conta á Policía Local e empresa concesionaria do Servizo Municipal de Recollida de Lixo (CESPA, S.A.)

**PRP2020/1007**
Vista a solicitude de D. Adrian Pino Barrio titular da licenza de taxi nº19 de suspensión temporal do título habilitante da licenza de taxi, e o visto o informe da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:
Autorizar a D. Adrián Pino Barrio, titular da licenza municipal de auto-taxi nº19, de suspensión temporal do título habilitante e, en consecuencia da obrigatoriedade de prestar o servizo de taxi, motivada por incapacidade temporal derivada de enfermidade común, por un período de 5 meses a contar dende a data da solictude onde achega a documentación acreditativa da causa da suspensión, e dicir do 28 de febreiro de 2020.
Comunícaselle que no momento de solicitar ao levantamento da suspensión temporal, deberá achegar toda a documentación actualizada do vehículo para poder prestar o servizo de taxi, así como ter superada a inspección correpsondente por parte da Policía Local.

## XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**XUVENTUDE**

**PRP2020/1017**
Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda:
- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 (Liña 2: amortización, pagamento de débedas e gastos correntes, incluídas actividades culturais, deportivas, actividades sociais, turísticas e medioambientais) para a actividade "Espectáculo Combate Naval Vilagarcía de Arousa 2020", por un importe de 32.000,00 € (IVE incluído).
- Aprobar o orzamento para a citada actividade, que ascende a 41.198,08 € (IVE incluído) cunha aportación por parte do Concello de 9.198,08 €

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

**MEDIO AMBIENTE**

**PRP2020/1133**
Dáse conta da campaña levada a cabo polo Concello de Vilagarcía, Xunta de Galicia e Ecoembes,

para facilitar a recollida selectiva e reciclado, nos establecementos da canle Horeca en Vilagarcía de Arousa, A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o acordo de colaboración para recollida selectiva de envases lixeiros no Concello, mediante o fomento da participación de establecementos do sector HORECA (Hostelería, Restauracion e Catering).

## POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

### CONSUMO

**PRP2020/0939**
Dáse conta da reclamación formulada por D. Manuel González Lema Secretario-Administrador da Comunidade de Propietarios do edificio sito en Arzobispo Lago nº3, polos danos sufridos no garaxe do mesmo debido á entrada de auga.
Dáse conta do informe Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras:
Despois de comprobar que as tuberías de alcantarillado e publiais e estaban en perfectas condicións, instouse á empresa Espina & Delfín que comproba a rede de abastecemento de auga, estando en perfectas condicións.
Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.
Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación xa que non se pode afirmar que a orixe dos danos é imputable ás instalacións municipais.

**PRP2020/1042**
Dáse conta da reclamación formulada por D. Benito Vidal Barreiro polos danos sufridos debido ao desnivel da praza Martín Gómez e tamén polo pouco que filtra a auga do alcantarillado o que provoca que desborde e non de abasto, o seu local sito na rúa Cristo con Arzobispo Lago.
Dáse conta do informe Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, de data 28-01-2020, que indica que non consta ningunha intervención da empresa Multiservicios Contucho que presta servizo ao Concello en temas de desatascos.
Dáse conta do informe da Mutua General de Seguros.
Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación xa que non se pode afirmar que a orixe dos danos é imputable ás instalacións municipais.

**PRP2020/1044**
Dáse conta da Reclamación formulada o día 29-07-2019, por D. Antonio Alberto Hernández del Rosal e/n AXA Seguros Generales, por danos sufirdos o día 11-04-2019, a consecuencia da rotura da rede xeral de auga do Concello, no garaxe sito na rúa Xunqueira nº43
Dáse conta do informe do Encargado de obras no que indíca que nesas datas estaban a reparar unha tubería de pluviais e causaron unha rotura na tubaxe xeral de auga.
A Xunta de Goberno Local acorda estimar a devandita reclamación, e aboar a AXA Seguros Generales, a contía de 275,88€, con cargo á partida 929-22699, polos danos por auga no garaxe sito na rúa A Xunqueira nº43.

### MULLER E PERSOAS MAIORES

**PRP2020/1013**
Dáse conta da convocatoria Plan de obras e Servizos (Plan Concellos 2020) da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para a realización dun Programa de sensibilización, intervención e recuperación persoal en igualdade de xénero, por un importe de 10.500,00 € coas seguintes actividades:
- Semana de actividades arredor do papel das mulleres na creación cultural.
- Curso de formación ocupacional para mulleres en situación de vulnerabilidade en atención sociocomunitaria de persoas no domicilio.
Así mesmo acórdase aprobar a memoria descritiva para o Programa de sensibilización, intervención e recuperación persoal en igualdade de xénero, cun orzamento total de 12.000,00 €, e o cofinanciamento por parte do Concello de 1.500,00 €.

**PRP2020/1089**
Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2020 de aprobación orzamento da Asociación O Soño de Lilith para a prestación do servizo de coordinación, atención e difusión do Punto Lila, dentro da campaña de sensibilización cidadá contra a violencia machista nas festas do Entroido 202, figurando no mesmo, por un importe de 837,62 € (IVE engadido) e debendo figurar por un importe de 837,86 € (IVE incluído).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

**PRP2020/1177**
Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade e con motivo da pandemia e da situación de alarma sanitaria, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación das Bases da Maratón Fotográfica pola Igualdade, no seguinte senso:
1.- Fixar unha nova data para a comunicación dos premios, que será o vindeiro 21 de maio, para dar tempo á organización dos traballos do Xurado que serán desenvolvidos de xeito telemático.
2.- Deixar en suspenso a exposición da Maratón ata valorar coa Concelleira de Cultura a posibilidade de realizar esta actividade

**PRP2020/1178**
Vista a proposta da Área de Igualdade en relación ás bases da convocatoria do XIV Premio Pola Igualdade na Escola, tendo en conta a situación de suspensión das clases presenciais nos centros educativos con motivo da alerta sanitaria pola COVID-19, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 19 de decembro de 2019, no seguinte senso:
1.- Eliminar dos requisitos das solicitudes, tanto para centros como Anpas, a presentación do certificado do Consello Escolar de ter aprobada a actividade. Moitos centros non realizaron aínda este trámite e dadas as circunstancias actuais manifestan a imposibilidade de convocar xuntanza deste órgano.
2.- Ampliar o prazo de admisión dos traballos do 30 de abril ata o 31 de xullo, tendo en consideración que o curso académico dura ata o 31 de agosto e que esta medida foi solicitada por todos os centros interesados en presentarse ao Premio debido ás dificultades engadidas, que esta situación de pandemia e confinamento están a xerar na súa práctica docente.
3.- Eliminar asemade, o requirimento de documentación defectuosa ou incompleta da fase de tramitación debido a que os centros educativos están pechados no mes de agosto. Polo que aqueles centros e Anpas que vaian presentar propostas ao XIV Premio Pola Igualdade na Escola, deberán asegurarse co persoal técnico da área de presentar a documentación completa, que será a que consta nas bases aprobadas, a excepción do certificado do Consello Escolar.

4.- A resolución e comunicación dos premios farase ás entidades gañadoras, centros ou ampas, a primeira semana do novo curso 2020-2021.

## CONTRATACIÓN

### PRP2020/1104

O Concello de Vilagarcia de Arousa ten previsto acometer unha obra de urbanización e mellora de servizos na Rúa Freixo de Vilaxoán. Con tal motivo encomendoú a redacción do proxecto básico e de execución de " mellora de servizos e urbanización na Rúa Freixo en Vilaxoán ", ao técnico Miguel Angel Fariñas Martín.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Aprobar o proxecto técnico e de execución de mellora de servizos e urbanización na Rúa Freixo en Vilaxoán, redactado polo técnico Miguel Angel Fariñas Martín, polo importe de 148.571,45 € ( ive engadido )

### PRP2020/1107

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras de subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIs de Vilagarcía de Arousa de conformidade cos acordos da Comisión bilateral relativos ás Áreas de Rexeneración e renovación urbana do Concello de data 26/10/2018, con cargo ás asignacións orzamentarias dos orzamentos da anualidade 2018 do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia, coa seguinte desagregación por áreas:

| ARI | Custo estimado das intervencións | Subvención Ministerio | Subvenión Xunta de Galicia | Aportación promotores |
|---|---|---|---|---|
| Nucleo de Carril (9ª fase) | 146.889,00 € | 40.309,92 € | 14.688,90 € | 91.890,18 € |
| Núcleo de Vilaxoán (9ª fase) | 146.889,00 € | 40.309,92 € | 14.688,90 € | 91.890,18 € |
| Casco Vello de Vilagarcía (6ª fase) | 146.889,00 € | 40.309,92 € | 14.688,90 € | 91.890,18 € |
| TOTAL | 440.667,00 € | 120.929,76 € | 44.066,70 € | 275.670,54 € |
| %APORTACIÓN | | 27,44% | 10,00% | 62,56% |

Que se proceda á publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### PRP2020/1136

Dáse conta de comunicación dende o Servizo de Cooperación da Deputación Prtovincial de Pontevedra, recordando que está pendente de envio a documentación xustificativa de varias actuacións, regulada nas bases do Plan Concellos 2019, liñas 2 e 3 e solicitando a remisión da documentación á maior brevidade:

- Proxecto de prevención do Ciberacoso e o bo uso das Tic's - Teatro Foro.
- Gastos de limpeza, aseo e enerxía eléctrica do Conservatorio Profesional de Música.
- Educación en valores - Cinensino
- Formación vial para a inserción sociolaboral
- Gasto corrente novo: limpeza escola municipal de música.
- Programa de sensibilización, promoción e formación para a igualdade e a recuperación persoal dende a perspectiva de xénero.
- Proxecto actívate.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2020/1137**
Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra en relación con medidas adoptadas por mor da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación ao cómputo de prazos dos Plans e Programas de Cooperación.
Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, Área de Emprego e tendo en conta este Concello non procedeu aínda á selección do persoal do Plan Concellos 2020 (Liña 3) (Emprego), a Xunta de Goberno Local acorda:
- Deixar sen efecto a solicitude de subvención realizada para a contratación de 35 traballadores a tempo completo, e 1 a tempo parcial de 20 horas semanais, e por un período de nove meses ao abeiro da convocatoria do Plan Concellos 2020 publicada no BOPPO do 2 de xaneiro de 2020 (Liña 3 - emprego).
- Aprobar unha nova solicitude de subvención, por un importe total de 311.465,09 € (cunha aportación municipal de 58.088,41 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2020, Liña 3 (Plan Concellos 2020) para a contratación de 38 traballadores desempregados/as a tempo completo por 6 meses, un traballador/a monitor deportivo por 4 meses e un Auxiliar Administrativo por 6 meses a tempo parcial de 20/horas semanais ao abeiro da citada convocatoria.:

- 4 Empregados Auxiliares Administrativos (1 contratación a tempo parcial 20 horas)
- 1 Monitor e/ou Animador Deportivo (4 meses a tempo completo).
- 12 Axudantes Albaneis
- 4 Peóns Forestais
- 4 Pintores e/ou empapeladores
- 4 Instaladores electricistas
- 1 Carpinteiro en xeral
- 1 Fontaneiro
- 1 Soldador para arco eléctrico en xeral
- 4 Traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 1 Sepultureiro/enterrador.
- 1 Peón Laceiro/recollida de animais.
- 1 Axudante mantedor de instalacións deportivas
- 1 Condutor operador de retroescavadora.

- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que sa van a contratar e a súa categoría profesional.

**PRP2020/1138**
A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concelo de Vilagarcía de Arousa e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a convocatoria dun concurso de proxectos, a nivel de anteproxecto, coa finalidade de executar a realización dunhas piscinas naturais e a reordenación da súa contorna na Praia da Concha-Compostela, deste Concello., que contempla unha aportación municipal do Concello ao COAG polo desenvolvemento do concurso de 3.000 € e o pago dos premios aos seleccionados por importe total de 14.500,00 €.
A aplicación orzamentaria á que se aplica o convenio co Colexio de Arquitectos é 1721.6290017 da liña de actuación EDUSI VLG_LA20_PATRICOS, e dentro do proxecto 2018/2/DUSI/18, por

3.000,00 € pero asumirase con cargo a recursos propios.
Dado que non existe crédito dentro da EDUSI para subvencións, tanto os premios como a licitación do proxecto definitivo, quedan pendentes da súa aprobación previa realización dunha transferencia de crédito.

## FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

**PRP2020/1052**
Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación con comunicación de diversas empresas por impagos da Empresa Nexia Infraestructura SLU, adxudicataria da obra "Humanización da Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán", no que se indica:
....)
Ante esta situación e ante as propostas de recoñecemento da obrigación a favor de Nexia Infraestruturas S.L.U. correspondentes ás certificacións n 7, 8 e 9 de obra "Humanización da rúa Vázquez Leis en Vilaxoan" polos importes de 9.216,42 €, 21.263,59 € e 16.612,72 € respectivamente (total 47.092,73 €), que non son suficientes para afrontar a totalidade das débedas reclamadas, tanto xudicialmente como ao amparo dos artigos 216 e 2017 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, e do artigo 1597 do Código Civil (total 67.739,20 €), e tendo en conta que existen escritos por parte de varias empresas reclamando pagos con antelación ao embargo xudicial, debería procederse a:
1- Comprobar os dereitos e/ou pagos por parte da adxudicataria ás empresa subministradoras e/ou subcontratistas, se as houber.
2- Ao estudo da prelación de dereitos ou adopción de medidas cautelares nos pagos para realizar.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aboar ao Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Ponferrada o embargo xudicial por importe de 43.685,01 €, quedando a cantidade restante pendente de aboar en contabilidade ata o 31 de decembro de 2020. por importe de .3.407,72 €.

**PRP2020/1090**
Dáse conta do informe da Interventora Municipal, onde en síntese establece:
"(...) Con motivo da preparación da xustificación dunha subvención pola Escola de Música Municipal, detectouse que a táboa de xustificantes de gasto e o importe global aprobados que figuran no acordo non son correctos, é o erro obedece a que polo propio Departamento de Intervención confeccionouse mal a proposta; é correcto o número da relación contable de Facturas, que é o determinante, pero o importe e as facturas no son as correspondentes a dita relación, polo que procede rectificar o erro material no acordo adoptado.

1. O artigo O artigo 109.2 da Lei 39/2015 establece:

"1. Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.
2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos."
En consecuencia procede a rectificación do erro material producido na proposta de acordo e en consecuencia no acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/09/19, para a relación de

facturas F/2019/128.

2. Dado que o erro detectado apréciase á simple vista do expediente administrativo, cumprindo, polo tanto, os requisitos que a xurisprudencia establece que deben concorrer para a aplicación do artigo 109.2 da Lei 39/2015, toda vez que o erro caracterízase por ser ostensible e manifesto.
3. O órgano competente para acordar a rectificación é o mesmo que adopta o acordo obxecto de rectificación, neste caso a Xunta de Goberno Local.(…)"

Á vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

1.-Rectificar o erro de feito cometido no acordo de recoñecemento d obriga para a relación de facturas F/2019/128 nos seguintes termos:

Onde di:

"Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/128, por importe de 353.632,06€, fiscalización previa no Informe INT/2019/000026, coa seguinte desagregación:

| Nº Rexistro Factura | Documento | Data Doc. | Programa | Económica | Importe | Nome Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/3155 | Emit- 54 | 17/04/2019 | 241 | 22602 | 484,00 | GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION | RECURSOS HUMANOS ( CAMPAÑA PUBLICIDADE CURSOS CAPACITACION DIXITAL 2019 ) |
| F/2019/3235 | TVI19 838 | 30/04/2019 | 132 | 214 | 390,12 | DALONGA, S.A. | HACER DIAGNOSIS SISTEMA AIRBAGS ( MATRICULA:0680GSX SERVIZO: SEGURIDADE E ORDE PUBLICO RESPONSABLE:EMILIO VILLANUEVA LE |
| F/2019/3611 | 2191023054 | 30/04/2019 | 432 | 22602 | 235,95 | UNIPREX, S.A.U. | EMISORA: PONTEVEDRA OCR; O.PUBLI: 1772012847; ANUNCIANTE: 20 DESTINOS VILAGARCIA; P.EMISION: 10-10/04/2019; CL: MC; DUR |
| F/2019/3666 | 19J9LV000057 | 30/04/2019 | 1622 | 22700 | 1.320,53 | CESPA, S.A. | TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMINOSOS (TON) / TRATAMIENTO DE RESIDUOS VOLUMI |
| F/2019/3682 | 2019/211 | 16/04/2019 | 920 | 22604 | 513,85 | PORTELA Y FDEZ. PROCUR., C.B. | MINUTA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 394/2017 CONTENCIOSO Nº 3 DE PONTEVEDRA CONTRA MARIA CELIA BENEDICTA MONDRAGON CASTRO |
| F/2019/3695 | 2019/0941 | 30/04/2019 | 1623 | 22700 | 79.616,14 | SOGAMA, S.A. | Tratamento RU Mes Abril 2019 |
| F/2019/3714 | 5603167757 | 30/04/2019 | 1621 | 22700 | 239.955,16 | CESPA, S.A. | CANON ABRIL 2019. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en Pleno |
| F/2019/3715 | 5603167759 | 30/04/2019 | 1621 | 22799 | 9.536,01 | CESPA, S.A. | CANON C. Y P. ABRIL 2019. 1/12 de canon aprobado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96 más revisiones de pre |
| F/2019/3717 | 5603167762 | 30/04/2019 | 1622 | 22700 | 660,00 | CESPA, S.A. | TRANSPORTE DE VOLUMINOSOS ABRIL 2019. Importe del transporte de voluminosos a la planta de Cespa, S.A. en Cerceda. Se ad |
| F/2019/3795 | F1/190523 | 22/03/2019 | 920 | 22604 | 374,65 | NOTARIA PLAZA DE GALICIA, C.B. | MINUTA PROCEDIMIENTO FINCA REGISTRAL Nº 15703 XESTEIRA. ADMON. XERAL. |
| F/2019/3798 | A 1:A:19/316 | 30/04/2019 | 161 | 22700 | 2.750,00 | OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L | SERVICIO CAMION GRUA Y LIMPIEZA CESTOS DE BOMBEO / MES DE ABRIL DE 2.019 |
| F/2019/3799 | A 1:A:19/317 | 30/04/2019 | 161 | 22700 | 880,00 | OBRAS Y SERV. FERNANDEZ, S.L | RETIRADA, LIMPEZA, REPOSICION Y TRASLADO DE LOS / RESIDUOS SOLIDOS AL GESTOR AUTORIZADO / RETIRADA, LIMPEZA, REPOSICION |
| F/2019/3802 | A 1:A:19/602 | 30/04/2019 | 161 | 22700 | 11.534,60 | MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L. | LIMPEZA DE TUBAXES, SANEAMENTO E BOMBEOS DA REDE / MUNICIPAL - MES DE ABRIL DE 2019 |
| F/2019/38 | 032319 -348 | 15/05/ | 320 | 22199 | 11,50 | NEUS J. SANTORUM, | CAMARA 3.00 - 4 CARRITO MANUAL. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 77 | | 2019 | | | | S.L. | |
| F/2019/3880 | Emit- 67 | 03/05/2019 | 926 | 22602 | 350,90 | ATLANTIS COMUNICACIÓN, S.L. | INSERCIÓN PUBLICITARIA DE 1 PÁXINA NA GUÍA DE ZOOM PONTEVEDRA DURANTE O MES DE MAIO 2019 ( PARTIDA PRESUPUESTARIA ÁREA D |
| F/2019/3968 | A 19000377 | 20/05/2019 | 926 | 22000 | 168,58 | SKETCH SYSTEM, S.L. | COPIA B/N A3 KONIKA MINOLTA C658 ( PERIODO DE FACTURACIÓN: 27/03/19 al 17/04/19 SOLICITADO POR: MANUEL VILLARONGA GARCIA |
| F/2019/3990 | 201906788-N | 07/05/2019 | 931 | 22699 | 8,00 | REGISTRO MERCANTIL CENTRAL, C.B. | CONSULTA DE INFORMACIÓN MERCANTIL O DÍA 10/04/19. POLIT. ECO. E FISCAL |
| F/2019/3994 | 19107 | 15/05/2019 | 170 | 213 | 561,92 | PADIN SILVA, FRANCISCO | REPARACIÓN DESBROZADORAS. MEDIO AMBIENTE. |
| F/2019/4003 | A 1:A:19/603 | 30/04/2019 | 161 | 22700 | 3.276,35 | MULTISERVICIOS CONTUCHO, S.L. | LIMPIEZA COLECTORES (HORARIO EXTRA) / (DE 22:00 A 24:00 HORAS) / LIMPIEZA COLECTORES (SERV.EXTRA - 2º VEHICULO) / RESPON |
| F/2019/4004 | 1190303187 | 14/05/2019 | 334 | 22699 | 548,76 | SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE | 0003338579 SALON GARCÍA ALCALDE REY DAVIÑA 14 , 14 VILAGARCIA (SANTA EULALIA 36600 VARIEDADES CONCIERTO MIKEL ERENTXUN 1 |
| F/2019/4026 | 19 3504 | 23/05/2019 | 454 | 214 | 360,58 | AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L. | REPARACION DEL IVECO ML180E28K , MATRICULA 5479 GJC , FECHA DE REPARACION 14.05.19 , Nº ORDEN TALLER 582656 / ORDEN COM |
| F/2019/4052 | Emit- 103519 | 31/01/2019 | 170 | 214 | 67,01 | TALLERES RODISA, S.L. | CUBIERTA 155/80 R13 / S.I. GEST. NUF (FD1619/2005) CATEGORIA B / CAMARA B13 / VEHICULO REMOLQUE 7658-HMD |
| F/2019/4073 | RA 1900207 | 23/04/2019 | 135 | 214 | 27,45 | TALLERES S. IGLESIAS, S.L. | VENTA RECAMBIOS NISSAN INTERSTAR, MATRICULA: 4970GXF; VARILLA NIVEL ACEITE. SEGUN ORDEN DE COMPRA378; RESPONSABLE: FCO. |
| | | | | | 353.632,06 | | |

Debe dicir:

"Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2019/128, por importe de 304.753,39€, fiscalización previa no Informe INT/2019/000026, coa seguinte desagregación:

| Nº Rexistro Factura | Documento | Data Doc. | Aplicación | Importe | Nome Ter. | Texto Libre |
|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/5051 | 24 19 | 02/07/2019 | 2019 134 22799 | 4.915,63 | LABICI BICICLETAS PUBLICAS, S.L. | MANTENIMINETO LABICI ( MANTENIMIENTO ESTACIONES JULIO ) |
| F/2019/5052 | Emit- 26 | 27/04/2019 | 2019 334 22609 | 2.899,99 | LLEDO MARTINEZ, CAYETANO | Actuacion de Cayetano LLedo no Salon Garcia no Concello de Vilagracia de Arousa o 27 abril 2019 actuacion contratada po |
| F/2019/5054 | M19 M190415 | 30/06/2019 | 2019 9201 22706 | 2.220,29 | SPAI INNOVA ASTIGITAS SL | Mantemento e soporte da aplicación informática de Xestión de Ingresos 2019. Presuposto aprobado na XGL do 2,01,2019. Exp |
| F/2019/5602 | Emit- 49 | 12/07/2019 | 2019 150 22706 | 665,50 | OFTEFOR, C.B. | Levantamiento topográfico de Rúa Sobrán, para proyecto de reforma de la misma. Aglomerado, fachadas, muros, entradas. Ap |
| F/2019/5622 | MV 1303 | 15/07/2019 | 2019 9201 22706 | 716,95 | ABS INFORMATICA, S.L. | PRP 2018/5631 Mantenimiento aplicación ACUERDOS Y RESOLUCIONES WEB. Del 01/07/2019 al 31/12/2019. |
| F/2019/5638 | Emit- 190720 | 16/07/2019 | 2019 453 61900 | 7.744,00 | MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. | CERTIFICACIÓN ÚNICA EXECUCIÓN DE PASO DE PEÓNS ELEVADO EN RUA PADRE FEIJOO E MARCADO DE PRAZAS DE RESERVA DE TAXI. ( E |
| F/2019/5642 | 2019 201909868 | 16/07/2019 | 2019 931 22001 | 2.132,27 | ESPUBLICO SERV. PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. | PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CONTENIDO EDITORIAL. Presuposto aprobado na X.G.L. do 2-01-2019 / PLATAFORMA HACIENDA LOCAL CO |
| F/2019/5664 | EMIT- 190000481 | 18/07/2019 | 2019 164 22199 | 1.980,00 | BODEGAS DINASTIA, S.L. | BIOEMPE |
| F/2019/5744 | A/008 | 01/07/2019 | 2019 2313 22634 | 240,00 | AS. PARA LA DEFENSA DE LA VERBENA GALLEGA | ACTUACIÓN EN FEXDEGA XXVI ROMARÍA DAS PERSOAS MAIORES O DÍA 29 DE XUÑO |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2019/5759 | N 29 | 22/07/2019 | 2019 3321 22609 | 450,00 | FERNANDEZ MONTES, XOSE MANUEL | ACTIVIDADE: ""MAGO DEIMI: A maxia está nos libros"". Ciclo Ler Conta Moito. Biblioteca Municipal de Vilagarcía de Arousa |
| F/2019/5777 | Emit- 19005976 | 12/07/2019 | 2019 132 22108 | 118,10 | BAYGAR, S.L. | SENAL 60X60 MOPU N1 S15A ( SEGURIDADE E ORDE PUBLICA SENALES PEDIDO RESPONSABLE DE COMPRAS SR.MARIO VAZQUEZ ESTE BIEN NO |
| F/2019/5778 | Emit- 19005975 | 12/07/2019 | 2019 132 22108 | 556,60 | BAYGAR, S.L. | DULITRAFIC 20LT BLANCO ( SEGURIDADE E ORDE PUBLICA PINTURA ESTE BIEN NO SERA DE SU PROPIEDAD HASTA QUE ESTE TOTALMENTE P |
| F/2019/5780 | Emit- 19006144 | 19/07/2019 | 2019 132 22108 | 566,28 | BAYGAR, S.L. | DULITRAFIC 20LT BLANCO ( SEGURIDADE E ORDE PUBLICA PINTURA PEDIDO RESPONSABLE DE COMPRAS SR.MARIO VAZQUEZ ESTE BIEN NO S |
| F/2019/5785 | Rect-19- 18 | 24/07/2019 | 2019 3321 22609 | 395,00 | VICENTE GARCIA, MANUEL | Rect. 19- 18 / Obradoiro ""Biotecnólogos na biblioteca"" ( Obradoiro “Bibliotecas para mudar o cambio climático” realizado |
| F/2019/5786 | Emit- 22B-19 | 24/07/2019 | 2019 3321 22609 | 500,00 | KUKAS PROD. ARTISTICAS, S.L. | POR UNHA REPRESENTACIÓN COA OBRA XAN PERILLAN E A MALETA MÁXICA NA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA DENTRO D |
| F/2019/5806 | 201904491 | 31/05/2019 | 2019 132 22108 | 5,24 | CASTROMAN I, S.L. | CIEN TACO NYLON SX-8X40 / CIEN TORNILLO HEX. 571 08X060 ZN / MARIO VAZQUEZ / CIEN TORNILLO DIN 933 A-2 M-6X20 / CIEN TUE |
| F/2019/5813 | 201905332 | 30/06/2019 | 2019 132 22108 | 21,71 | CASTROMAN I, S.L. | SPRAY MARCADOR MARKERPAINT ROJO 500ML / SPRAY MARCADOR MARKERPAINT AMARILLO 500ML / orden mario vazquez |
| F/2019/5822 | 201905342 | 30/06/2019 | 2019 132 22108 | 7,31 | CASTROMAN I, S.L. | LLAVE ESTRELLA ACODADA HR 12X13MM / LLAVE FIJA DOS BOCAS 12-13 / RESPONSABLE DE COMP. MARIO VAZQUEZ |
| F/2019/5833 | FV 706 | 26/07/2019 | 2019 132 22108 | 38,72 | IMPRONTA GRAFICA, S.L. | Vinilos para señales ""P"" ( Responsable de compras Mario Vázquez ) / Flechas de señalética en vinilo blanco ( Responsable |
| F/2019/5834 | FV 707 | 26/07/2019 | 2019 132 22108 | 12,10 | IMPRONTA GRAFICA, S.L. | Vinilo para placa P ( Responsable de compras Mario Vázquez ) |
| F/2019/5877 | Emit- 5 | 16/07/2019 | 2019 334 22609 | 225,00 | ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN | ACTUACION MISA VIRXEN DO CARME CARRIL |
| F/2019/5886 | 03/2019 | 20/07/2019 | 2019 334 22609 | 225,00 | ASOC. CUL. CORAL SOBRADELO | ACTUACIÓN MISA DO CARMEN EN SOBRADELO O DÍA 20 DE XULLO |
| F/2019/5918 | VIL-19 007 | 31/07/2019 | 2019 231 22799 | 386,36 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello |
| F/2019/5918 | VIL-19 007 | 31/07/2019 | 2019 171 22799 | 386,36 | BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. | Limpeza, mantemento e conservacion de espazos naturais e zonas verdes no entorno do concello |
| F/2019/5928 | 02148000014719F | 31/07/2019 | 2019 334 22700 | 5.152,66 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza efectuados EN INSTALACIONES CULTURALES durante Julio de 2019SALA EXPOSICIONES RIVAS BRIONE / Servizo |
| F/2019/5929 | 02148000015319F | 31/07/2019 | 2019 135 22700 | 415,41 | CLECE, S.A. | Servicios de limpieza de EDIFICIO E INSTALACIONES DEL SERVICIO DE EMERGENCIAS Julio de 2019Importe servizo |
| F/2019/5930 | 02148000015719F | 31/07/2019 | 2019 3261 22700 | 1.443,94 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza CONSERVATORIO Julio de 2019Importe servizo |
| F/2019/5931 | 02148000015919F | 31/07/2019 | 2019 3262 22700 | 974,82 | CLECE, S.A. | ESCUELA MUNICIPAL DE MUSICA ""BERNARDO DEL RIO"" Julio de 2019Importe servizos |
| F/2019/5932 | 02148000016119F | 31/07/2019 | 2019 241 22700 | 58,88 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Julio de 2019Escola Obradoiro |
| F/2019/5933 | 02148000015519F | 31/07/2019 | 2019 323 22700 | 1.329,11 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza efectuado na Escola de Educación Infantil de Carril durante Julio de 2019Importe servizo |
| F/2019/59 | 02148000016519F | 31/07/ | 2019 | 422,42 | CLECE, S.A. | Servizos de limpeza EDIFICIOS E |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 34 | | 2019 | 432 22700 | | | INSTALACIONES DE CARÁCTER TURISTICO:MUSEO FERROCARRIL Julio de 2019MUSEO FERROCARRIL |
| F/2019/59 37 | 02148000016719F | 31/07/ 2019 | 2019 453 22700 | 537,64 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza nas dependenzas de Obras durante Julio de 2019Importe servizo |
| F/2019/59 38 | 02148000017319F | 31/07/ 2019 | 2019 2311 22700 | 2.208,52 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |
| F/2019/59 54 | 2/19 | 28/02/ 2019 | 2019 334 22609 | 300,00 | ASOC. CULT. CORAL S. PEDRO CORNAZO | ACTUACIÓN FESTIVIDADE SANTA MARTA EN A LAXE O DÍA 28. CULTURA |
| F/2019/59 60 | Emit- 19089 | 17/07/ 2019 | 2019 920 22000 | 1.808,95 | SIST. CONT. ART. GRAFICAS, S.L | NOTIF POST ACUSE |
| F/2019/59 62 | Emit- 19090 | 18/07/ 2019 | 2019 920 22000 | 2.050,95 | SIST. CONT. ART. GRAFICAS, S.L | POST RECAUD MUNIC |
| F/2019/59 66 | 1/19 | 16/07/ 2019 | 2019 334 22609 | 850,00 | MIGUENS MARTIÑAN, MIGUEL | CATERING ENTROIDO EN VILAXOÁN. CULTURA |
| F/2019/60 49 | E 7 | 05/08/ 2019 | 2019 931 22707 | 3.066,20 | GABINETE CARTOTEC, S.L. | Envío 0602018_3T _Tramitación de expedientes físicos 902N, 903N e 904N. |
| F/2019/60 50 | E 8 | 05/08/ 2019 | 2019 931 22707 | 597,56 | GABINETE CARTOTEC, S.L. | Envío 060201906M10_Tramitación de expedientes 901N. |
| F/2019/63 14 | 5603171013 | 31/07/ 2019 | 2019 1621 22700 | 239.955,16 | CESPA, S.A. | CANON JULIO 2019. 1/12 de canon aprobado en Pleno del 9/03/00 más revisiones de precios y ampliación, aprobada en Pleno |
| F/2019/63 40 | D-17- 2019 | 31/07/ 2019 | 2019 134 48401 | 2.890,00 | EMPRESA PEREIRA, S.L. | TARJETAS VAI-BUS PARA TRANSPORTE URBANO MES DE XULLO. 289 RECARGAS |
| F/2019/63 61 | GFN 5822 | 23/03/ 2019 | 2019 2412 22199 | 104,17 | ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A. | FONDO PU BLANCO (5 A 4 HPU6202)VOL / ENDURECEDOR HPU 6202 (2 A 1) / ACABADO PU BLANCO MATE-15* (3 A 2 HPU6205) / ENDUREC |
| F/2019/63 69 | GFN 7173 | 06/04/ 2019 | 2019 2412 22199 | 81,17 | ALMACENES CELSO MIGUEZ, S.A. | FONDO PU BLANCO (5 A 4 HPU6202)VOL / ENDURECEDOR HPU 6202 (2 A 1) / ACABADO PU BLANCO MATE-15* (3 A 2 HPU6205) / ENDUREC |
| F/2019/64 04 | 5603171014 | 31/07/ 2019 | 2019 1621 22799 | 9.536,01 | CESPA, S.A. | CANON C. Y P. 2019. 1/12 de canon arpboado por la Comisión Municipal de Gobierno del 9/12/96 más revisiones de precios, |
| F/2019/64 40 | 01900248646 | 01/08/ 2019 | 2019 132 204 | 3.177,81 | ALPHABET ESPAÑA FLEET MANAGEMENT, SAU | ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2429-JFJ / ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2424-JFJ / ALQUILER Y SERVICIOS VEHÍCULO 2409-JFJ |
| F/2019/64 68 | 02148000016919F | 31/07/ 2019 | 2019 4311 452 | 303,06 | CLECE, S.A. | SERVIZO DE LIMPEZA EN OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA XULLO 2019 |
| F/2019/66 64 | Rect-19 3071 | 15/05/ 2019 | 2019 2412 22199 | 80,54 | PINTURAS ALBORADA, S.L. | Rect. 19 3071 / HIDROFON ( ORDE DE COMPRA 667 ESCOLAS OBRADOIRO 2412 ) |
| TOTAL | | | | 304.753,39 | | |

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.